

Escrito por Redaccion @valminorinfo  
Luns, 07 Xullo 2014 21:57

---

O pasado sábado tivo lugar a presentación do Círculo Podemos de Gondomar no Centro Neural. Próximo a 90 persoas asistiron á xuntanza segundo fontes da propia organización. As consultas sobre o programa político e as bases ideolóxicas da formación foron o centro das consultas dos participantes na primeira parte da asemblea segundo consta [na acta publicada polo círculo](#). Os problemas municipais e as posibles formas de participar nas vindeiras eleccións locais constituíron boa parte do debate no resto da sesión. A agrupación programa unha próxima reunión para o sábado 12 de xullo ás 20 horas nun ciclo de rotación que o círculo pretende levar a todas as parroquias de Gondomar.